

África

Al otro lado del estrecho

Nicole Boumaâza

Nadia é unha moza belga con problemas familiares: seu pai inmigrante marroquí leva oito nos en paro e, ademais, non se entende coa familia. Cando a nai de Nadia lle anuncia a seu pai o divorcio, este non o acepta e decide lervar os fillos a Marrocos. Alí Nadia loitará entre os sentimentos de rexeitamento a unha cultura distinta á súa e o cariño e comprensión que cara a aquelas boas xentes comezan a espertar nela.



Localización: 821-4/BOU/al

El callejón de los milagros

Naguib Mahfuz

Hamida ambiciona casar cun rico comerciante. O barbeiro Abbas estaría disposto a todo por ela. Kirsha sente inclinación polos rapaces e a viúva Áffi busca un mozo que lle quente a cama. Todos viven no centro do Cairo, e comparten o seu tempo mentres a miseria convive en silencio co amor e coa infelicidade.

Localización: 821-3/MAH/cal



Ángeles de arena

José Luis Navarro

Unha escola para nenos discapacitados nun campamento saharauí é atacada polo exército marroquí. Será o comezo da fuxida cara a Tinduf na procura dun sitio máis seguro. A viaxe convértese nunca loita pola supervivencia nas peores condicións, e o lector vai descubriendo, nesta conmovedora e trágica historia, a capacidade de resistencia do pobo saharauí, mentres se achega aos seus valores e á súa cultura.

O autor, que viviu nun campamento na súa mocidade, sen dúbida toma partido por este pobo.

Localización: 821-4/NAV/ang

Corazón kikuyu

Stefanie Zweig

Vivian, unha rapaza alemá, estableceuse co pai nunha granxa en **Kenia**. É moi amiga de Jogona, un neno kikuyu, que lle aprende todo sobre os costumes daquela terra, a súa lingua e, especialmente, a forma de entender a vida.

Na segunda parte deste libro a autora escribe fragmentos da súa biografía. Explica que hai de real nesta novela, comenta as súas lembranzas e relata como foi a primeira vez que regresou a África moitos anos despois.

Localización: 821-4/ZWE/cor

Outras lecturas na biblioteca: *El oasis / Los reyes del horizonte* (Argelia)

El secreto del fuego (Mozambique)

O cazador de estrelas / Palabras de Caramelo / El beso del Sáhara (Sahara)


Máis África

Ébano

Ryszard Kapuscinski

Kapuscinski, a quen algúns consideran o mellor reporteiro do mundo, somérxese no continente africano fuxindo de lugares comúns e estereotipados. Vive nas casas, repletas de cascudas, dos máis pobres. Enferma de malaria cerebral, corre perigo de morte a mans dun guerrillero.... Pero, con iso e con todo, non perde a súa ollada lúcida e a súa voz de gran narrador para adentrar o lector na complexa realidade de África, coas guerras, miseria e inxustiza que atravesan a súa historia e lastran o seu presente.

Obra cumio do autor, gañadora de varios premios.



Stanley, el explorador de África

Jon Bilbao

Grazas aos libros, o pequeno Stanley descubriu que o mundo era moito máis grande que o terrible orfanato onde o encerraran. Así que, sen pensalo, escapou, dispuso a coñecelo de punta a punta. Traballou como soldado, mariñeiro, pescador de ostras e xornalista. Pero o seu traballo máis fascinante sería viaxar ata o corazón de África para atopar o explorador máis famoso, e máis perdido: o doutor Livingstone.

Localización: 92/BIL/sta



- **Reis, deuses e espíritos da mitoloxía africana**

Jan Knappert

Localización: 29/KNA/rei


- **Como reconocer el arte africano**

Carmen Huera

Localización: 7.0/HUE/com

Las reinas de África


Cristina Morató



Unha estimulante mirada ás viaxeiras que chegaron a África durante os séculos XIX e XX. Malia o inxente labor que desenvolveron, moitas delas seguen sendo unhas grandes descoñecidas xa que, na maioría dos casos, figuraron como simples "acompañantes" dos seus homes. O denominador común de todas foi o seu inmenso amor pola aventura, pola exploración e polo coñecemento.

Catorce mulleres pioneiras, entre as que poderíamos destacar a Karen Blixen, autora de *Memorias de África*; a Eugenia de Montijo, unha raíña entre zulúes, ou a célebre Diane Fossey de *Gorilas na néboa*, que atopou a morte no seu empeño.

Localización: 396/MOR/rei




Vagabundo en África

Javier Reverte

Partindo da punta sur do continente, Reverte emprende un periplo de setecentos quilómetros do que xurdirá un relato que oscila entre un pasado fascinante e un presente convulso, repleto de lusofuscos onde a beleza máis deslumbrante convive coa crueldade e a inxustiza.

Localización: 821-3/REV/vag



Los caminos perdidos de África

Javier Reverte

Parapetado no seu inquebrantable espírito viaxeiro e coa súa curiosidade inesgotable, este explorador inqueda redescubre as lendas de Etiopía, adéntrase nas soidades de Sudán e para rematar, alcanza Exipto, desvelándonos os soños e esplendores perdidos de tres países enigmáticos, a súa historia milenaria e as encrucilladas que esgazan o seu presente.

Un cúmulo de experiencias impagables, colmadas de contratempos e de maravillosos encontros humanos.

Localización: 821-3/REV/cam

África fóra de África



Anne aquí, Sélima allí

Marie Féraud

O medo a ser rexeitada polos compañeiros leva a Sélima a cambiar de nome para parecer unha máis. Ela naceu en Europa, pero seus pais son arxelinos. O seu desexo de ser aceptada no novo instituto faina chegar a negar a súa propia orixe. A historia

mostra con gran realismo a sensación de inseguridade propia da adolescencia, acrecentada polo rexeitamento social aos inmigrantes, unha situación que miles de rapaces viven actualmente. Unha viaxe ao país da súa cultura faille recuperar, á protagonista, o respecto polas súas raíces árabes.

Localización: 821-4/FER/ann




El paso del estrecho

Fernando Lalana

Unha noite, un pequeno contrabandista presencia o asasinato duns homes, lanzados ao mar desde unha barca. Consegue salvar un deles: un mozo árabe chamado Mustafá. Este feito colocarao no punto de mira dun mafioso traficante de inmigrantes moi perigoso.

Unha historia con grandes doses de intriga que nos presenta o mundo da corrupción que rodea a inmigración.

Localización: 821-4/LAL/pas



¿Dónde estás Ahmed?

Manuel Valls

Claudia ten un sorprendente parecido coa famosa modelo alemá do mesmo nome e, por ese motivo, ninguén a valora por si mesma. Cando chega á súa clase Ahmed, un rapaz marroquí, logo se fan moi amigos. Ambos teñen moitas cosas en común, especialmente o feito de que a maioría da xente os xulga polo seu aspecto, e non pola súa maneira de ser. O racismo dalgúns dos seus compañeiros dará lugar a conflitos. Claudia e Ahmed veranse

enleados nunha espiral de ciumes e de odio.

Localización: 821-4/VAL/don

De fel e mel



Patxi Zubizarreta

Selim que naceu nunca aldeña do Atlas marroquí decide iniciar unha longa viaxe cara a Francia na procura de fortuna. Dende as rúas de Marrakech, onde malvivirá traballando en fedorentas tinturerías e como guía turístico, Selim viaxará ata a península na caixa dun camión. Percorrerá diversas comunidades ata chegar ao País Vasco. Na súa estada en España atopará o amor e a amizade, pero tamén sufrirá o pesadelo da súa condición de emigrante ilegal.

Localización: 821.1-4/ZUB/fel


Vidas

Mercé Rivas Torres

Vidas conta a historia de oito mozos de diferentes países africanos que coinciden nunha patera tratando de chegar a España. A meta é entrar a salvo e empezar unha nova vida en Europa. Na súas

viaxes, os mozos falan das lembranzas que deixan atrás: os seus miedos, a súa soitude, e tamén, as esperanzas que teñen no seu novo destino.

Localización 821-4/RIV/vid




Abdel

Enrique Páez

Abdel é un xove tuareg afeito á vida nómada. Todo vai cambiar o día que seu pai, Yasir, decide abandonar o deserto e viaxar a España. Atravesar Marrocos non será fácil e, moito menos, cruzar o estreito de Xibraltar. Porén, hai que intentalo se iso supón acadar a liberdade, aínda que se teña que ocultar.

Localización: 821-4/PAE/abd



África no cine

Invisibles

A enfermidade do sono na República Centrafricana, os nenos soldados de Uganda e a violencia sexual contra civís no Congo, son tres das cinco historias "esquecidas" desta película documental producida polo actor Javier Bardem e apoiada por *Médicos sen Fronteiras*.

Unha historia de historias.




En un lugar de África

Temendo a persecución nazi, un avogado xudeu arranxa a fuxida da súa muller e da súa filla, de Alemaña a Kenya, para reunirse no país africano con el. A guerra avanza, pero tamén as dificultades da familia para vivir alí, pois son refuxiados alemáns nunha colonia británica.



Moolaadé

Collé Ardo vive nun poboado africano. Fai 7 anos nos permitiu que súa filla fose submetida á ablación, práctica que lle parece unha barbarie. Hoxe, catro nenas foxen para escapar do ritual da purificación e piden a Collé que as protexa. A partir dese momento enfróntanse dous valores: o respecto ao dereito de asilo e a tradición da ablación.



Diamante de sangre


Historia sobre o mundo do tráfico ilegal de diamantes. 1999, Sierra Leona. A nación atópase en medio dunha terrible guerra civil. Un contrabandista especializado na venda de pedras preciosas crúzase cun nativo pescador que perdeu o rastro da súa familia.



Los animales son gente

Maravillosa

Lonxe dos inquisitivos ollos da xente, os animais dos desertos do sur de África demostrannos as súas vidas cheas de humor e horror, perigo e dignidade. Ás veces son, simplemente, demasiado...humanos.



El jardinero fiel

Justin Quale é un diplomático británico destinado en Kenya cuxa muller é asasinada xunto a un hombre sospeitoso de ser o seu amante: un activista defensor dos dereitos humanos da rexión. Quale decide entón investigar os asasinatos, e comeza a descubrir moito máis do que esperaba...



Hotel Rwanda

Fai dez anos, mentres o país de Ruanda caía na tolemia, un home prometeu que protexería a familia que amaba e acabou por atopar o valor para salvar máis de 1.200 persoas.

Nárrase a historia real de Paul Rusesabagina, un xerente dun hotel que coa súa valentía salvou centos de refuxiados dunha morte segura.



Vete y vive

1984 : Miles de reguxiados africanos procedentes de vinte e seis países chegan aos campamentos de Sudán. Israel pon en marcha unha operación para levarse os xudeus etíopes. Unha nai cristiá convence seu fillo de nove anos para que diga que é xudeu e, deste xeito, salvado da fame negra e dunha morte segura.



Gorilas en la niebla

A zooloxa Diane Fossey viaxa a África para estudar a vida dos gorilas de montaña. Cando ve que os poucos animais que quedan son masacrados por cazadores inaprensivos, dedica a súa vida a protexelos e a coidar deles.

Na guía desta mesma película fálase dun libro, *Las reinas de África*, onde se conta a vida de Diane Fossey.



Bienvenido Mr. Kaita

Que está pasando en África coa inmigración masiva a Occidente? Como está transformando a vida deses países? *Bienvenido Mr. Kaita* é unha visión sincera e sorprendente dos efectos da emigración nos países de orixe do continente africano.

Documental rodado en Barcelona e en Gambia, na costa occidental africana.



Visita o noso blog e coñecerás o día a día da biblioteca:

<http://bibliotecamarinas.blogspot.com>